



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E O CONCELLO DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DUN PROXECTO PILOTO DE REFUXIOS CLIMÁTICOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en uso das competencias que lle son propias, outorgadas polo Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Doutra parte, Gonzalo Pérez Jácome, alcalde presidente do Concello de Ourense, actuando en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes, na representación que ostentan, teñen capacidade legal para asinar este convenio de colaboración e, na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución Española e no Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Segundo. Dentro desta consellería, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá, entre outras, as competencias no impulso de actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

Terceiro. Tendo en conta que as vagas de calor cada vez máis frecuentes e intensas derivadas do cambio climático obrigan á cidadanía galega a vivir con temperaturas





extremas en moitas ocasións durante o verán, e que este fenómeno é aínda máis intenso nas cidades por mor do chamado *efecto illa de calor* (a acumulación de radiación no asfalto e no formigón). O concepto de *refuxios climáticos* está xurdindo como modo de paliar as situacións críticas que, en determinados momentos do período estival, se dan sobre as persoas cando se acadan temperaturas extremas, proporcionando lugares frescos e zonas de sombra, sobre todo á poboación máis vulnerable.

Ao deseñar refuxios climáticos, deben considerarse as necesidades da biodiversidade, para asegurar a conservación de especies autóctonas e a continuidade dos procesos ecolóxicos, promovendo unha contorna equilibrada e sostible.

Este enfoque integral non só favorece a adaptación dos ecosistemas ao cambio climático, senón que tamén mellora a calidade de vida das comunidades humanas ao proporcionar espazos verdes saudables e funcionais. Por tanto, a integración de criterios de biodiversidade na planificación de refuxios climáticos é fundamental para garantir solucións sostibles e duradeiras que beneficien tanto á natureza como á sociedade.

Neste contexto, xurde a necesidade de poder ofrecer ós concellos unha metodoloxía para identificar cales son as illas de calor e os refuxios climáticos, organizando os espazos existentes, respectando as necesidades de biodiversidade da zona, e estruturando a información para que toda a poboación poida coñecer libre e gratuitamente onde se atopan as illas de calor e os refuxios climáticos dispoñibles na ubicación na que se atope, sabendo que poden utilizar eses refuxios climáticos sen impactar na biodiversidade da contorna.

Cuarto. A cidade de Ourense caracterízase por ter un clima moi extremo, con invernos fríos, pero veráns moi cálidos. As elevadas temperaturas do verán, que son propias de moitas zonas do interior de Galicia, vense aumentadas en Ourense pola súa peculiar orografía, nun val bastante profundo e pechado que fai que as masas de aire poidan acadar máis temperatura que o seu entorno.

Así, tanto en xullo como en agosto a media das temperaturas máximas supera os 30°C, o que quere dicir que a superación dese valor é algo bastante frecuente.

Obviamente trátase da cidade de Galicia con máis temperatura neses meses de verán con moita diferenza e a súa temperatura soamente se pode ver superada de xeito moi puntual por outras áreas do val do Miño ao seu paso por Ourense, pero cómpre ter en conta que a sensación de calor se pode ver agravada en Ourense polo feito de ser unha cidade.

O fenómeno das altas temperaturas en Ourense non soamente destaca no entorno galego, senón que cando se dan circunstancias con chegada de aire procedente do norte de África





e vento do sueste, algo que no verán non é infrecuente pode acadar a máxima das capitais en España.

Quinto. En virtude do anterior, con data 17 de xuño de 2025 asinouse convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a Universidade de Vigo e o Concello de Ourense para o deseño dun Proxecto piloto de refuxios climáticos para a biodiversidade, ao abeiro do plan PIMA Refuxios Climáticos, cos seguintes obxectivos:

1º. Identificación das illas de calor, entendidas como as localizacións onde as temperaturas sexan extremadamente altas, ou inusualmente altas no concello. Se trata de lugares onde, ante fenómenos meteorolóxicos adversos de altas temperaturas, sofren de temperaturas extremas e que deberan ser evitadas co fin de non sufrir as habituais consecuencias da calor extrema (golpes de calor, deshidratación), especialmente no caso de grupos de poboación sensibles (persoas maiores, pequenos de curta idade, etc.).

2º. Identificación das medidas necesarias para desenvolver refuxios climáticos para a biodiversidade, entendidos como territorios cunha relativa estabilidade climática (condicións ambientais favorables) que permite que moitas especies atopen as condicións requiridas para a súa supervivencia. Teñen dúas tipoloxías:

- Refuxios climáticos de retención: manteñen in situ unhas condicións benignas, que permiten a persistencia de moitas especies nativas.
- Refuxios climáticos de deslocalización: estes espazos convértense en receptores de especies inmigrantes que non atopan condicións para a persistencia in situ nos lugares que orixinalmente habitaban.

3º. Proposta e identificación dos lugares mais idóneos para os refuxios climáticos para a biodiversidade en particular no concello de Ourense como proxecto piloto, que permitirá consolidar con éxito en todas as cidades galegas a metodoloxía e as ferramentas desenvolvidas.

Sexto. Ao abeiro do establecido do devandito convenio, o día 16 de outubro de 2025 recibíuse informe técnico da Universidade de Vigo no que avalía a conveniencia técnica, ambiental e urbana de seleccionar a Avenida Otero Pedrayo como espazo piloto para a implantación dunha serie de medidas de mitigación das illas de calor urbanas), e no que se concluíu o seguinte:

"1) Idoneidade térmica: A Avenida Otero Pedrayo concentra condicións climáticas extremas no verán e é unha das áreas de maior intensidade de illa de calor, o que a converte nun escenario ideal para validar medidas de mitigación.





2) *Viabilidade técnica: A sección viaria ampla, a existencia de rotondas e medianas e a dispoñibilidade de servizos permiten executar as actuacións sen comprometer funcionalidade nin seguridade viaria.*

3) *Impacto ambiental e social: As intervencións reducirán temperatura superficial, mellorarán calidade do aire, favorecerán biodiversidade e ofrecerán confort térmico á cidadanía vulnerable.*

4) *Compatibilidade co convenio: As actuacións son coherentes coas cláusulas primeira e quinta do convenio ao contribuír á identificación, deseño e validación de refuxios climáticos no piloto de Ourense.*

5) *Replicabilidade: As condicións de Otero Pedrayo son representativas doutras avenidas galegas; os resultados serán extrapolables, consolidando unha metodoloxía autonómica para planificación climática urbana*

En consecuencia, as actuacións propostas polo Concello de Ourense na Avenida de Otero Pedrayo (xardineiras modulares, céspede natural, sistemas de rega automatizados e recuperación de isletas vexetais) son viables, coherentes co convenio e replicables noutros ámbitos urbanos”

Sexto. En virtude do exposto, a consellería considera necesario favorecer a execución do dito proxecto piloto, cuxo desenvolvemento servirá para probar a validez da metodoloxía proposta pola Universidade de Vigo e será replicable ás restantes cidades galegas no que se refire à implantación de refuxios climáticos de carácter urbano, em especial aquelas que contén com poboación superior ao 20.000 habitantes.

Setimo. Este convenio tramítase ao abeiro do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2026, no momento da resolución de concesión. No anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 existe crédito adecuado e suficiente para poder tramitalo.

Oitavo. De acordo co exposto ata agora, as competencias e os obxectivos da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, as singularidades climáticas da cidade de Ourense e o informe técnico de viabilidade e replicabilidade da Universidade de Vigo, xustifican o desenvolvemento deste proxecto entre as partes involucradas.



O convenio de colaboración é o instrumento xurídico mais axeitado para impulsar este proxecto entre as partes involucradas ao abeiro do establecido no artigo 47.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello de Ourense para a execución dun proxecto piloto de refuxio climático na Avenida de Otero Pedrayo, coas especificacións que constan como anexos a este convenio.

A súa finalidade é contribuír ao impulso da infraestrutura verde e a conectividade dos espazos verdes, para incrementar a biodiversidade, mellorar a súa conservación, a adaptación ao cambio climático, a mellora da calidade ambiental e a creación de espazos saudables, mediante a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos (Programa Galicia Refuxio Climático).

A intervención estará orientada a atenuar o efecto illa de calor urbana a través de:

- a) Sombreado natural con especial preferencia de utilización de especies autóctonas.
- b) Redución de impermeabilidade do solo.

O proxecto piloto será completo e de fase única, susceptible da súa posta en servizo inmediata como consecuencia directa da execución do proxecto subvencionado.

Segunda.- *Orzamento e financiamento*

O orzamento deste convenio ascende a cantidade máxima de trescentos corenta mil euros (340.000 €), IVE incluído.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático comprométese a financiar o 100 % do dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.541E.760.1, código de proxecto 2025 00029 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Este convenio tramítase ao abeiro do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e da Orde da





Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. A súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2026, no momento da resolución de concesión. No anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 existe crédito adecuado e suficiente para poder tramitalo.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos necesarios para a execución do proxecto piloto que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación establecida neste convenio. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, permitirase a subcontratación do cen por cen das actividades subvencionadas.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprírase o estipulado no artigo 29, apartados 4 e 5, da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cuarta.- Compromisos e achegas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático comprométese a:

1. Librar as achegas que correspondan unha vez que o Concello de Ourense presente a correspondente documentación xustificativa e sexa aprobada polos órganos competentes da consellería.
2. Poñer a disposición do Concello de Ourense a metodoloxía, dispositivo e resultados obtidos ao abeiro do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a Universidade de Vigo e o Concello de Ourense para o deseño dun Proxecto piloto de refuxios climáticos para a biodiversidade, ao abeiro do plan PIMA Refuxios Climáticos.





3. Prestar ao Concello de Ourense nas distintas fases de execución do convenio a axuda e colaboración técnica necesaria para o seu desenvolvemento.

Quinta.- Obrigas do Concello de Ourense

O Concello de Ourense comprométese a:

1. Poñer a disposición do proxecto as ubicacións, instalacións e medios que poidan ser necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto.
2. Licitara, adjudicara e executar un contrato único de obras para asegurar o desenvolvemento do proxecto.
3. Licitara, adjudicara e executar os demais contratos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública.
4. Responder de todas as obrigas contractuais derivadas dos distintos expedientes de contratación que teñan lugar para o desenvolvemento do proxecto.
5. Outorgar, no seu caso, os permisos, licenzas ou autorizacións que sexan procedentes de acordo coa normativa municipal vixente para o desenvolvemento do proxecto.
6. Adoptar as medidas e desenvolver as actuacións necesarias que sexan da súa competencia en relación coa ocupación das vías e demais espazos públicos, habilitación de zonas de carga e descarga, aparcadoiros, servizo de limpeza e recollida de residuos e calquera outra que contribúa ao adecuado desenvolvemento do proxecto.
7. Así mesmo, o concello quedará suxeito, en todo caso, ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e das demais que resulten de aplicación á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas; e, en especial, ás seguintes:
 - i. Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
 - ii. Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvenciones ás entidades locais galegas.
 - iii. Xestionar e executar os investimentos que fundamentan a concesión da subvención con suxeición aos procedementos de contratación previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
 - iv. Xustificar ante a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.
 - v. Someterse ás actuacións de comprobación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a calquera outra comprobación e control





financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- vi. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- vii. Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- viii. Comunicar por escrito á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- ix. Comunicar á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
- x. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento pola Xunta de Galicia en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio, empregando os soportes mais adecuados á natureza dos investimentos en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- xi. O concello estará obrigado a manter as actuacións do proxecto piloto "refuxio climático – avenida de Otero Pedrayo" durante un período mínimo de cinco anos, asumindo en particular o mantemento e limpeza do proxecto, o que incluírá o coidado e, no seu caso, a substitución da vexetación das xardineiras, rotondas e distintas zonas axardinadas.

Sexta.- Subcontratación

O concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións recollidas neste convenio, agás que o impida a natureza das mesmas. As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da obra, non aporten valor engadido ao seu contido.

A contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo a entidade local contratante a responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.





Tendo en conta que as actuacións obxecto do convenio poden implicar que o concello leve a cabo diversas contratacións externas, deberán aplicarse as previsións da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, de xeito que non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

A subcontratación das actividades subvencionadas poderá alcanzar o 100 % e regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a entidade beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, para poder ser adxudicador.

Sétima.- *Relación con terceiros*

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Oitava.- *Xustificación e pagamento*

1. A data límite para xustificar os investimentos será o 30 de novembro de 2026.

2. O Concello de Ourense estará obrigado a xustificar diante da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

A conta xustificativa conterá, de acordo co artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro:

a) Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e





os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

3. Condicións de pagamento:

As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poderán ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.

A documentación sinalada nas condicións específicas presentárase na Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático-Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático- que emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións subvencionadas.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

Os pagamentos correspondentes serán realizados ao concello unha vez presentadas as correspondentes xustificacións e aprobadas polos órganos competentes da consellería.

A achega da consellería minorárase porcentualmente no caso de que o concello non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto do convenio ou, de resultar a concorrencia con outras axudas, sempre que a contía total supere o custo do investimento.

4. Comprobación material:

Segundo establece o artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nas subvencións de capital superiores a 60.000,00 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polas dúas administracións intervinientes neste convenio, sen prexuízo de que a dita comprobación material se poida encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.





5. Pagos anticipados:

Poderá aprobarse o pago anticipado de ata un límite do 50 % do importe concedido , logo da correspondente solicitude e xustificación da súa necesidade polo Concello de Ourense. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento por parte da entidade beneficiaria dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O concello quedará exento da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio conforme ao disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Novena.- *Compatibilidade das axudas*

A axuda concedida ao abeiro deste convenio será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso, minorarase a subvención da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Décima.- *Perda do dereito ao cobro e reintegro*

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou incumprimento.

Incumprimento parcial:

A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

Incumprimento total:

Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora correspondentes.





O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Ao concello beneficiario da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do seu regulamento.

Décimo primeira.- *Modificación*

O Concello de Ourense poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado. En ningún caso a modificación poderá supoñer un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.

A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respecte o obxecto da subvención e as actividades subvencionadas, evite actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio. Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade á súa sinatura.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo segunda.- *Resolución*

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación de aplicación.



Décimo terceira.- *Publicidade e inscrición no Rexistro de convenios*

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo cuarta.- *Protección de datos de carácter persoal*

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométese a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. As partes comprométese a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

Décimo quinta.- *Comisión mixta de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas en representación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e dúas persoas en representación do Concello de Ourense.

A comisión reunirse, como mínimo, unha vez ao mes a petición de calquera das partes e a súa función será propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes e velar polo cumprimento deste convenio.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro,





de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

En todo caso, todas as decisións relacionadas coa subvención que se concede mediante o presente convenio, en particular, a comprobación material da subvención e da súa xustificación, así como, no seu caso, a apreciación da existencia de un incumprimento, total ou parcial e a determinación da procedencia do seu reintegro, correspóndenlle exclusivamente a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na súa condición de órgano concedente da subvención de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Décimo sexta.- *Vixencia*

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Décimo sétima.- *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexerá polas súas propias cláusulas e, ademais, polos preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.



Corresponderanlle á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese no lugar e data indicados na cabeceira.

Pola Consellería de Medio
Ambiente e Cambio Climático,

Ángeles Vázquez Mejuto

Polo Concello de Ourense,

Gonzalo Pérez Jácome





ANEXO I. ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES

Actuación 1: Vía de Servizo da Avenida Otero Pedrayo

- Colocación de 20 xardineras entre as prazas de estacionamento existentes, con dotación de sistema de rego por goteo completo.
- Mantemento, limpeza e dotación de sistema de rego da mediana entre a rotonda Norte e rotonda Sur da avenida.
- Reacondicionamento da isleta do xardín existente ("Xardín Vía de servizo"), con dotación de rego completo con difusores, terra vexetal, céspede e outra vexetación.
- Traballos de sinalización horizontal das prazas de aparcamento.
- Demolición, movemento de terras e reposición necesarias.

Actuación 2: Rotonda Norte da Avenida Otero Pedrayo

- Reacondicionamento das isletas de xardín existentes tanto naturais como sintéticas pasando a ser de céspede natural con vexetación floral e sistemas de rego por goteo.
- Demolición, movemento de terras e reposición necesarias.

Actuación 3: Rotonda Sur da Avenida Otero Pedrayo

- Reacondicionamento das isletas de xardín existentes tanto naturais como sintéticas pasando a ser de céspede natural con vexetación floral e sistemas de rego por goteo.
- Demolición, movemento de terras e reposición necesarias.

Actuación 4: Rotonda O Afiador da Avenida Otero Pedrayo

- Construcción de xardinera baixa na explanada "Este" realizada en chapa de aceiro corten a unha altura de 30 cm, dotada con sistema de rego completo por goteo, terra fértil vexetal e outra vexetación.
- Mantemento e limpeza da mediana entre a rotonda O Afiador e a rotonda Norte.
- Mantemento e limpeza da rotonda O Afiador.
- Demolición, movemento de terras e reposición necesarias.





ANEXO - ORZAMENTO ECONÓMICO

I. GASTOS COMPENSABLES POR TIPOLOXÍA

Tipoloxía de gasto	Importe	IVE	Subtotal
Contratación externa (obras)	280.991,74	59.008,26	340.000
TOTAL			340.000

II. DESAGREGACIÓN GASTOS

Actuación	Importe	IVE	Subtotal
Actuación 1 na Vía de Servizo da Avenida Otero Pedrayo	158.780,14	33.343,83	192.123,97
A1.1 -DEMOLICIÓNS E MOV TERRAS	11.617,67	2.439,71	14.057,38
A1.2 -XARDIÑEIRAS	91.608,96	19.237,88	110.846,84
A1.3 -VEXETACIÓN	42.129,95	8.847,29	50.977,24
A1.4 -SISTEMA DE REGO	8.626,99	1.811,67	10.438,66
A1.5 -REPOSICIÓN	4.796,57	1.007,28	5.803,85
Actuación 2 na Rotonda Norte da Avenida Otero Pedrayo	30.400,68	6.384,14	36.784,82
A2.1. --DEMOLICIÓNS E MOV TERRAS	3.024,95	635,24	3.660,19
A2.2 --VEXETACIÓN	19.820,28	4.162,26	23.982,54
A2.3 --SISTEMA DE RIEGO	5.997,54	1.259,48	7.257,02
A2.4 --REPOSICIÓN	1.557,91	327,16	1.885,07
Actuación 3 na Rotonda Sur da Avenida Otero Pedrayo	32.016,14	6.723,39	38.739,53
A3.1 --DEMOLICIÓNS E MOV TERRAS	2.540,42	533,49	3.073,91
A3.2. --VEXETACIÓN	23.848,96	5.008,28	28.857,24
A3.3 --SISTEMA DE RIEGO	5.291,08	1.111,13	6.402,21
A3.4 --REPOSICIÓN	335,68	70,49	406,17
Actuación 4 na Rotonda O Afiador da Avenida Otero Pedrayo	25.258,09	5.304,20	30.562,29
A4.1 -DEMOLICIÓNS E MOV TERRAS	667,48	140,17	807,65
A4.2 -XARDIÑEIRAS	5.069,95	1.064,69	6.134,64
A4.3 -VEGETACIÓN	18.567,01	3.899,07	22.466,08
A4.4 -SISTEMA DE REGO	882,77	185,38	1.068,15
A4.5 -REPOSICIÓN DE FRIMES	70,88	14,88	85,76
- Xestión de residuos	2.210,20	464,14	2.674,34
- Gastos xerais	32.326,48	6.788,56	39.115,04
TOTAL			340.000,00

